

AGOSTO

2014

BOLETÍN INFORMATIVO

Acción Formativa Gratuita para autónomos !!!!

"Gestión de proyectos y equipos de proyectos"
30 horas

Información y matrícula en info@apegalicia.es



APE Galicia

Praza España nº1 1º

Oficina 1

36002 Pontevedra

Tlf: 986 891657

info@apegalicia.es

AXUDAS PARA O FOMENTO DA UTILIZACIÓN DE MAQUINARIA EN RÉXIME ASOCIATIVO

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 4 de agosto de 2014 pola que se convocan novamente para o ano 2014 as axudas para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo en Galicia cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

OBXECTO: convocar para o ano 2014 novamente a liña de axuda en réxime de concorrencia competitiva para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo en Galicia

FINALIDADE:

- a) Promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo.
- b) Fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos.
- c) Racionalizar os custos de mecanización, incrementar os mecanismos de seguranza no traballo, reducir as emisións

contaminantes e fomentar o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no medio rural.

BENEFICIARIOS:

a) As cooperativas agrarias que teñan como obxecto social prioritario a adquisición e a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, denominadas convencionalmente cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (en diante CUMA), sociedades agrarias de transformación (en diante SAT), que teñan como obxecto social prioritario a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, e as cooperativas agrarias con sección específica de maquinaria agrícola segundo o artigo 9 da Lei 5/1998, do 18 de decembro (DOG nº 251, do 30 de decembro) de cooperativas de Galicia, así como outras agrupacións con personalidade xurídica propia, e soamente para investimentos directamente relacionados coa súa actividade: as comunidades de regantes, asociacións de viticultores en terreos con pendentes superiores ao 15 % e asociacións de faba e castaña.

b) O resto das cooperativas agrarias que adquiren maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario para prestaren servizos aos seus socios.

c) As cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT procedentes da fusión de, polo menos, dúas explotacións, nos 5 anos posteriores á súa constitución.

A maquinaria obxecto de axuda deberá estar, en todo caso, inscrita no Rexistro Oficial de Maquinaria

Agrícola (ROMA) e matriculada cando a tipoloxía da máquina o requira.

CONTÍA ECONÓMICA DAS AXUDAS:

1. No caso das CUMA e SAT, a porcentaxe de axuda será de ata o 40 % segundo se localice a entidade beneficiaria en zona ordinaria, e do 50 % en zonas desfavorecidas ou de montaña, ata un máximo de subvención de 100.000 euros, segundo o investimento elixible. No caso de estudos técnico-económicos, de viabilidade a subvención máxima será de 1.500 euros.

2. No caso das cooperativas agrarias, a porcentaxe de axuda será de ata o 35 % segundo se localice a entidade beneficiaria en zona ordinaria, e do 45 % en zonas desfavorecidas ou de montaña, ata un máximo de subvención de 100.000 euros, segundo o investimento elixible. No caso de estudos técnico-económicos, de viabilidade, a subvención máxima será de 1.500 euros.

3. No caso das cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT, a porcentaxe de axuda será de ata o 35 % segundo se localice a



entidade beneficiaria en zona ordinaria, e do 45 % en zonas desfavorecidas ou de montaña, ata un máximo de subvención de 20.000 euros, por explotación fusionada. No caso de estudos técnico-económicos de viabilidade, a subvención máxima será de 600 euros.

PRAZO: Remata o 14 de setembro de 2014.

ENLACE:
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140813/AnuncioG0165-070814-0002_gl.html

SUBVENCIONS A PRODUCTIONS E COPRODUCTIONS DE CONTIDO CULTURAL GALEGO

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2014 pola que aproban as bases para a concesión de subvencións a producións e coproducións de contido cultural galego e se convocan para o ano 2014.

OBXECTO: fixar as bases que regularán o réxime de subvencións establecidas pola Agadic para contribuír ao fomento da produción da actividade audiovisual galega, dentro do marco das competencias deste organismo, e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

BENEFICIARIOS: persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes (epígrafe IAE 9611), domiciliadas polo menos por un ano, previo á data de finalización de presentación de solicitudes desta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a área económica europea e que desempeñen a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. Por produtor independente enténdese, toda persoa física ou xurídica privada, que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva privada, nin, pola súa parte, exerza

unha influencia dominante. Só poderán participar nesta convocatoria aquelas produtoras que teñan unha participación igual ou superior ao 20 % do proxecto audiovisual.

MODALIDADES DE SUBVENCIONS:
Modalidade A: producións e coproducións de longametraxe (ficción ou documental).
Modalidade B: producións e coproducións de animación.
Modalidade C: producións ou coproducións de autoría galega destinadas a ser emitidas por televisión.

LÍMITES: As contías máximas que se adjudicarán para cada un dos proxectos das distintas modalidades non excederá o 50 % do custo subvencionable imputable ao beneficiario e, ademais, non superará as seguintes contías: modalidade A e B: ata 260000 euros e modalidade C ata 170000 euros.

PRAZO: Remata o 14 de setembro de 2014.

ENLACE:
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140813/AnuncioG1097-050814-0001_gl.html

AXUDAS DE CARÁCTER SOCIOECONÓMICO DO FONDO EUROPEO DE PESCA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 8 de agosto de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP) e se establece a súa convocatoria para o ano 2014.

FINALIDADE: A finalidade das axudas é establecer medidas de acompañamento, para os traballadores afectados polos axustes da frota pesqueira, que axuden a paliar os efectos da dita reestruturación e apoiem a reconversión destes traballadores.

TIPOS DE AXUDAS:

A) Primas por reconversión.

1. Parcial. Diversificación de actividades: esta medida ten como obxecto o apoio ás actividades dos pescadores fóra do sector pesqueiro, permitiéndolles que sigan pescando a tempo parcial, sempre que con isto se contribúa a reducir o seu esforzo pesqueiro.

A axuda máxima nesta medida é de 21.000 euros por beneficiario individual.

2. Total: esta medida ten como obxecto o apoio á reconversión profesional dos pescadores en actividades profesionais a tempo completo nun sector distinto ao da pesca marítima.

A axuda máxima nesta medida é de 52.000 euros por beneficiario individual.

B) Prima non renovable.

Compensación aos tripulantes de buques que paralizasen a súa actividade definitivamente como consecuencia dun plan de axuste do esforzo pesqueiro. A cantidade máxima subvencionable será de 10.500 euros por beneficiario individual

C) Prima pola compra do primeiro barco. Non será superior ao quince por cento do custo de adquisición da propiedade nin excederá os 50.000 euros.

BENEFICIARIOS: tripulantes de buques pesqueiros afectados por medidas de reestruturación da frota que teñan porto base na Comunidade Autónoma de Galicia como os tripulantes que teñan o seu domicilio fiscal en Galicia.

PRAZO: 22 de setembro de 2014.

ENLACE:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140821/AnuncioG0165-130814-0002_gl.html

AXUDAS DO PROGRAMA EMEGA PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 8 de agosto de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para fomento do emprendemento feminino, cofinanciadas polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (SI429A).

OBXECTO: aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas da Secretaría Xeral da Igualdade para apoio ao emprendemento feminino (programa Emega), sometidas ao réxime de minimis e reguladas polo procedemento de concorrencia competitiva e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

RÉXIME DAS AXUDAS: As axudas teñen por obxecto incentivar as mulleres emprendedoras de Galicia para a posta en marcha, mellora ou reactivación de iniciativas empresariais, ademais do fomento da iniciativa empresarial da investigación ou de base tecnolóxica, como medio adecuado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral, a través das seguintes liñas de actuación:

Liña Emprende: para estimular a posta en marcha de iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino por conta propia e allea.

Liña Innova: para promover a realización de melloras innovadoras nas empresas lideradas por mulleres que comparten a creación de emprego feminino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

Liña Activa: para favorecer a reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres por medio da aplicación de medidas de renovación, relanzamento, ampliación ou cambio de localización da actividade coas cales acadar o equilibrio empresarial buscando o seu mantemento e promoción no contexto económico actual.

Liña ITEF: específica de investigación ou tecnolóxica en feminino.



Liña Concilia: programa de apoio á conciliación do exercicio profesional coa vida persoal e familiar dirixido ás empresas que acceden a calquera dos programas das outras liñas e nas cales existan promotoras con fillos/as menores de tres anos.



BENEFICIARIAS: empresas, ou os proxectos empresariais no suposto da liña ITEF, formadas por mulleres emprendedoras que cumpran as obrigas e os requisitos específicos establecidos para cada liña de axuda, así como os seguintes requisitos xerais:

- Que teñan domicilio social e establecemento de produción en Galicia.

- Que estean validamente constituídas na data de finalización do prazo de solicitudes, coa excepción dos proxectos da liña ITEF que poderán tamén constituírse ata o prazo de xustificación.

Os requisitos para seren beneficiarias deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante o período de permanencia da actividade.

O período mínimo de permanencia da actividade empresarial subvencionada é de dous anos.

CONTÍA DAS AXUDAS:

Liña Emprende: entre 12000 e 22000 euros.

Liña Innova: entre 15000 e 22000 euros.

Liña Activa: entre 6000 e 22000 euros.

Liña ITEF: entre 30000 e 50000 euros.

Liña Concilia: de 1000 a 5000 euros.

PRAZO: Remata o 12 de setembro de 2014.

ENLACE:http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140811/Anunciog0244-070814-0001_gl.html



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Igualdade

Acción Formativa Gratuita para autónomos !!!!

"Gestión de proyectos y equipos de proyectos"
30 horas

Información y matrícula en info@apegalicia.es

